



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE TRABALLO DE BENESTAR E CONVIVENCIA CURSO 2023/2024

(ORDE DO 23 DE AGOSTO DE 2023, POLA QUE SE ESTABLECE A FIGURA DA PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA)

1. INTRODUCCIÓN:

A aprobación da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de Decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación e da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de Xuño de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, inclúen o nomeamento dun coordinador ou coordinadora de benestar e protección en todos os centros escolares con independencia da súa titularidade.

Neste novo contexto cómpre, polo tanto, que as Administracións Educativas leven a cabo unha seria reflexión sobre moitas e variadas cuestións relacionadas con esta nova figura e que as distintas Comunidades Autónomas desenvolvan unha normativa específica.

Coa finalidade de dar cumprimento a este novo marco normativo, na Comunidade Autónoma de Galicia publicouse a Orde do 23 de Agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Seguindo o establecido no artigo 4 da dita Orde, no IES Plurilingüe Adormideras (A Coruña) elaborouse o “Plan de traballo”, que está incluído no seu Plan de Convivencia. Así mesmo, no punto 2 do xa mencionado artigo 4 , se menciona que este plan de traballo debe ser obxecto dunha concreción de carácter anual que pasará a formar parte da programación xeral anual do centro. Na dita concreción anual deben programarse distintas accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico. Por outra banda, cómpre salientar que, tal e como se establece na normativa correspondente, para cada unha das accións programadas é preciso concretar tanto a súa temporalización como aqueles indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

2. OBXECTIVOS:

Tomando como referencia o plan de traballo de benestar e convivencia (que forma parte do plan de convivencia do centro) establecido no IES Plurilingüe Adormideras, establécense os seguintes obxectivos a desenvolver ao longo do curso académico 2023/2024:

1. Dinamizar, xunto coa comisión de Convivencia establecida no centro, o Plan de Convivencia coa finalidade de dalo a coñecer a toda a comunidade educativa, que terá como principal referente á persoa coordinadora de benestar no caso de que sexa preciso comunicar posibles casos de violencia no propio centro e/ou na súa contorna.
2. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado.
3. Incrementar a presenza no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación ou a alimentación saudable entre outros.
4. Informar ao persoal do centro dos protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma e realizar unha comunicación inmediata ás forzas e corpos de seguridade do Estado nos casos en que este tipo de situacións puidera producirse.

5. Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade empregando as estratexias e/ou Pautas de intervención establecidas nos distintos protocolos publicados pola Xunta de Galicia.
6. Establecer canles que permitan unha comunicación fluída tanto cos Servizos Sociais como con outras entidades ou fundacións que poidan intervir, informar e asesorar á comunidade educativa no relativo a convivencia democrática e benestar.

3. ACCIÓNS A DESENVOLVER NO CURSO 2023/2024:

Coa finalidade última de desenvolver e acadar os obxectivos mencionados no apartado anterior deste documento, propóñense a continuación diferentes accións a implementar ao longo do presente curso académico. Para cada unha destas accións, tal e como se dispón artigo 4.2 da Orde do 23 de Agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, concrétnase a temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

Obxectivo 1	Dinamizar, xunto coa comisión de Convivencia establecida no centro, o Plan de Convivencia coa finalidade de dalo a coñecer a toda a comunidade educativa, que terá como principal referente á persoa coordinadora de benestar no caso de que sexa preciso comunicar posibles casos de violencia no propio centro e/ou na súa contorna.
Accións	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do “Plan de Traballo” e da súa concreción anual nunha reunión da comisión de convivencia no centro. • Dar a coñecer ao alumnado nas titorías as funcións e competencias da persoa coordinadora de benestar e convivencia, que deben indentificar.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • Comezos do curso escolar
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • A comunidade educativa coñece o Plan de Convivencia do centro. • A comunidade educativa recoñece á persoa coordinadora de benestar do centro. • A comunidade educativa coñece as funcións da persoa coordinadora de benestar.

Obxectivo 2	Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado.
Accións	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar material específico sobre mediación ás persoas titoras dos distintos grupos para que poidan traballar a temática nas clases. • Promover a realización de charlas e/ou obradoiros sobre a temática (Plan director, actividades organizadas polo Concello e A Coruña e/ou outras entidades). • Levar a cabo procedementos de resolución pacífica de conflitos unha vez que estes xurdan no contexto educativo, actuando a persoa coordinadora de benestar e convivencia do centro como mediadora.

Temporalización	Ao longo do curso académico
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • O persoal do centro coñece métodos de resolución pacífica de conflitos. • O alumnado do centro coñece métodos de resolución pacífica de conflitos. • A comunidade educativa sabe a quen dirixirse en caso de conflito.

Obxectivo 3	Incrementar a presenza no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación ou a alimentación saudable entre outros.
Accións	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a realización de charlas e/ou obradoiros sobre as temáticas mencionadas, priorizando aquelas nas que o alumnado destinatario amose máis interese ou demande (redes sociais e uso da Internet, habilidades sociais, adiccións, igualdade, saúde afectivo-sexual, abordaxe e xestión de conflitos, etc.)
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • Plazos establecidos para cada unha das actividades que se soliciten. • A detección de necesidades e intereses do alumnado será realizada ao longo do curso.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • No plan de acción tutorial se contemplan temas do interese do alumnado. • No plan de acción tutorial figuran temas relacionados co benestar emocional, as habilidades sociais, a abordaxe pacífica dos conflitos e os hábitos saudables. • As suxerencias do alumnado son tidoas en conta na elaboración do plan de acción tutorial.

Obxectivo 4	Informar ao persoal do centro dos protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma e realizar unha comunicación inmediata ás forzas e corpos de seguridade do Estado nos casos en que este tipo de situacións puidera producirse.
Accións	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer ao persoal do centro o documento “Estratexia galega de convivencia escolar 2025” (Educonvives) na que se ofrece aos centros docentes unha ferramenta para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, que guía a actuación do profesorado nestes casos. Esta ferramenta consta dunhas orientacións que pretenden dar resposta ás cuestións máis frecuentes que se formulan os centros cando se enfrontan a unha situación desta índole, e uns modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a súa tramitación.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • Labor informativa a comezos do curso académico. • Posta en práctica dos procedementos axeitados, de ser o caso, cando resulte necesario.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • O persoal do centro educativo coñece protocolos de protección e

	<p>prevención de condutas violentas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O persoal do centro coñece o procedemento de actuación perante condutas violentas no ámbito escolar.
--	---

Obxectivo 5	Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade empregando as estratexias e/ou Pautas de intervención establecidas nos distintos protocolos publicados pola Xunta de Galicia.
Accións	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a realización de charlas e/ou obradoiros nos distintos grupos sobre igualdade (de oportunidades, de xénero, etc.) e diversidade. • Difundir entre a comunidade educativa a existencia e contido dos diferentes protocolos publicados pola Xunta de Galicia que poden ser consultados na paxina www.edu.xunta.gal/diversidadeorientacion (Por exemplo para alumnado con discapacidade intelectual ou auditiva, TDAH, dislexia e/ou outras dificultades de aprendizaxe, liberdade de identidade de xénero, etc.).
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • Ao longo de todo o curso académico.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado do centro reconece e respecta ás persoas con diversidade funcional no centro educativo. • O profesorado do centro reconece e respecta ás persoas con diversidade funcional no centro educativo. • O persoal de Administración e Servizos do centro reconece e respecta ás persoas con diversidade funcional no centro educativo. • A comunidade educativa coñece a existencia e contido dos distintos protocolos para a abordaxe da diversidade publicados pola Xunta de Galicia.

Obxectivo 6	Establecer canles que permitan unha comunicación fluída tanto cos Servizos Sociais como con outras entidades ou fundacións que poidan intervir, informar e asesorar á comunidade educativa no relativo a convivencia democrática e benestar.
Accións	<ul style="list-style-type: none"> • Contactar cos Servizos Sociais do Concello e/ou Servizo de Menores da Xunta de Galicia coa finalidade de realizar un seguimento daqueles casos en que sexa necesario. • Contactar con aquelas entidades e/ou fundacións que atenden a alumnas e alumnos do centro (por exemplo a Fundación do Secretariado Xitano ou a Fundación Caixa-Proinfancia). • Promover a comunicación entre o profesorado e ás familias do alumnado empregando diferentes canles: reunións presenciais na hora de atención a pais e nais, plataforma AbalarMóbil, correo electrónico, entrevistas telefónicas, etc.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • Establecemento dun contacto inicial a comezos de curso. • Ao longo do curso académico sempre que sexa preciso.

Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Existe unha comunicación efectiva e eficaz entre o centro e os Servizos Sociais. • Existe unha comunicación efectiva e eficaz coas entidades e/ou fundacións que interveñen co alumnado do centro. • Existe unha comunicación efectiva e eficaz entre o profesorado do centro e as familias.
--------------------	--

4. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN:

Tal e como se contempla no “Plan de Traballo” de benestar e convivencia que forma parte do Plan de Convivencia do centro, serán aproveitadas as distintas reunións da Comisión de convivencia que poidan ser convocadas ao longo do curso académico para abordar todas aquelas cuestións que sexa preciso sobre a presente concreción anual do dito “Plan de Traballo”. Así mesmo, serán recollidas as suxestións de mellora ou modificacións que puideran xurdir.

Por outra banda, a implementación da concreción anual do plan de traballo poderá ser abordada en calquer momento do curso que se considere necesario en reunións entre o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación, tendo sempre en consideración as propostas que calquer membro da comunidade educativa puidera efectuar.

No que atinxe aos métodos e estratexias que van ser empregados para levar a cabo a avaliación desta concreción anual, hai que destacar que serán os contemplados no “Plan de Traballo” e abranguen desde a observación (tanto de carácter directo como indirecto), a análise de documentos, a recollida de información dos alumnos e das alumnas así como das súas familias e de toda a comunidade educativa en xeral, entre outros. A finalidade última desta avaliación será a mellora e, polo tanto, os resultados acadados serán tidos en conta para a elaboración da concreción anual do plan de traballo do seguinte curso académico. Favorecemos deste xeito un verdadeiro axuste ás circunstancias e características do contexto no que vai ser implementado.

A Coruña, 20 de Setembro de 2023
A Coordinadora de benestar e convivencia

Asdo: Sara Fernández Louro